

Asunto: solicitude de reforzo do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ferrol

Anxos Sobriño Pérez, como presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897, enderezo postal no apartado de correos 170 de Santiago de Compostela (CP 15702), enderezo electrónico info@ctnl.gal e teléfono de contacto 629 571 950,

EXPOÑO:

O Concello de Ferrol conta desde hai arredor de vinte anos cun **servizo de normalización lingüística estable dotado dun único posto técnico**, praza que figura recollida como persoal funcionario na súa relación de postos de traballo (BOP da Coruña do 22 de xaneiro de 2015: <https://i.gal/2AUXa>). Este concello aprobou tamén unha **Ordenanza municipal de normalización lingüística** (<https://i.gal/9RTdA>) e mesmo elaborou en 2003 un **Plan de normalización lingüística** (<https://i.gal/fHaQW>), sendo unha das poucas entidades locais galegas que aprobou unha ferramenta de planificación para desenvolver a súa política lingüística.

Con todo, desde hai máis de catro anos a técnica de normalización lingüística responsable deste servizo debe compaxinar o seu traballo cotián co desempeño dun cargo público (alcadesa nun concello de pouca poboación), para o cal a lei non lle permite ningún tipo de redución horaria, unicamente o dereito a ausentarse do traballo con motivo do seu cargo. Esta circunstancia e o feito de que Ferrol sexa un concello urbano cun índice de desgaleguización alto, que require un traballo en normalización lingüística intensivo, aconsellan acometer o antes posible un **reforzo do SNL para que poida desenvolver a súa actividade coas máximas garantías e facer un seguimento eficaz dos proxectos en marcha** nunha cidade de 66000 habitantes.

Este **reforzo** pode ser **inicialmente puntual**, aproveitando contratacións para o desenvolvemento de proxectos concretos, por acumulación de tarefas ou beneficiándose



da liña de axudas que convoca a Deputación Provincial da Coruña para SNL, que no caso das cidades está prevista especificamente para reforzar estes departamentos. As bases deste ano están publicadas no BOP da Coruña do 5 de febreiro de 2020 (<https://i.gal/yFm6C>) e no BOP do 17 de febreiro publicouse o extracto da convocatoria (<https://i.gal/pWpvG>), que delimita o prazo de presentación de solicitudes: **até o 6 de marzo ás 14.00 h.** Con todo, desde a CTNL recomendamos que o reforzo puntual inicial sexa só o primeiro paso para un **incremento do persoal técnico deste servizo** de forma definitiva, que permita **planificar, xestionar, executar e avaliar accións e programas de normalización lingüística** na sétima cidade de Galicia.

Cómpre recordar que as entidades locais de Galicia teñen entre as súas competencias a normalización lingüística, é dicir, a promoción do uso e do prestixio da lingua galega en todos os ámbitos de influencia da entidade. Así o aclararon (<https://i.gal/vhRBp>) en 2018 a Dirección Xeral da Administración Local e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, coa redacción e difusión do *Informe sobre a prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local en exercicio de competencia propia* (<https://i.gal/F1yH5>). Para exercer estas competencias é imprescindible un departamento técnico ou SNL estable, **dotado de persoal e orzamento suficientes.**

Polo tanto, SOLICITO:

- Que o **Concello de Ferrol reforce o seu servizo de normalización lingüística o antes posible con máis persoal técnico** para desempeñar coa maior eficacia posible as súas responsabilidades en normalización da lingua, de acordo coa súa ordenanza e coa planificación da política lingüística da institución.

Pontevedra, 17 de febreiro de 2020